

**INSTRUCCIÓN N.º 8/2012, DO 31 DE XULLO DE 2012, SOBRE  
APLICACIÓN DAS NORMAS DE PERMANENCIA NO CURSO 2012-13**

Publicada no Diario Oficial de Galicia de 17 de xullo de 2012, a Normativa de Permanencia da Universidade de Santiago de Compostela, e perante as consultas recibidas nesta Secretaría Xeral faise necesaria unha instrución que clarifique determinados aspectos da mesma, así como unha implantación flexible para o alumnado que xa iniciaran os seus estudos sen ter en conta estas novas circunstancias.

Por todo o anterior, esta Secretaría Xeral dita a seguinte instrución:

**Primeiro.- Ámbito de Aplicación.**

A Normativa de Permanencia é aplicable a todos os estudantes matriculados no grao e máster que formalicen matrícula no curso 2012-13, independentemente da vía de acceso aos estudos. En consecuencia, afecta a todos o alumnado matriculado, tanto se inician como si continúan os seus estudos, estes últimos sen prexuízo do establecido nos apartados seguintes.

Non será aplicable para o alumnado de titulacións en proceso de extinción, que se lle aplicará o réxime anterior, salvo no caso de que se adapten aos novos plans de estudos.

**Segundo.- Permanencia.**

**2.1 Inicio de estudos.-** Os estudantes que inicien estudos de grao, no curso 2012-13 deberán superar unha materia no primeiro ano ou 30 créditos no segundo. Este requisito tamén será esixido ao alumnado que acceda pola cota de titulados.

Se o estudante non cumpre este requisito, non poderá formalizar matrícula na USC e nesa titulación ata transcorridos cinco anos.

Se traslada o expediente para continuar estudos noutra universidade, non poderá volver a matricularse na USC e nesa titulación ata que non transcorran cinco anos.

**2.2 Continuación de estudos.-** Ao alumnado que iniciou estudos de grao no curso 2011-12 ou anteriores, seralle de aplicación a normativa

anterior no referente a este requisito de permanencia, debendo superar unha materia no primeiro ano, ou trinta créditos nos tres primeiros cursos.

### **Terceiro.- Número máximo de convocatorias**

Os estudantes disporán dun máximo de catro convocatorias, unha por curso académico, independentemente das oportunidades de avaliación.

A partir do curso 2012-13 a mención *Non Presentado* computará como convocatoria esgotada.

### **Cuarto.- Cómputo de convocatorias**

Aos estudantes de grao computaráselle as convocatorias dende o momento que formalizou a súa primeira matrícula na materia afectada.

Aos estudantes que se adapten ao grao procedentes dunha titulación non adaptada ao EEES, computaráselle as convocatorias a partir da adaptación.

### **Quinto.- Renuncia á convocatoria de avaliación**

Poderán renunciar á convocatoria de avaliación sen necesidade de xustificar causa algunha, unha única vez por materia. Esta renuncia formalizarase ata un mes antes do inicio do período de celebración das probas, para o que se habilitará un procedemento telemático a través da secretaría virtual.

Fóra deste prazo, poderase solicitar nas Unidades de Xestión Académica a renuncia ás convocatorias por causas de forza maior que deberán ser debidamente acreditadas. A ausencia de acreditación determinará o seu rexeitamento.

## **Sexto.-Matrícula**

### **6.1 Obrigatoriedade de matricularse nas materias suspensas ou non superadas.**

Os estudantes con materias suspensas ou non superadas das que teña estado matriculado, deberán matricularse obrigatoriamente de ditas materias ata o máximo de ECTS permitido na convocatoria. Se o estudante tivera 75 ou máis créditos suspensos ou non superados, non poderá formalizar matrícula en novas materias.

Igualmente deberá matricularse obrigatoriamente das materias de cursos inferiores aínda que nunca estivera matriculado previamente.

O alumnado con matrícula a tempo parcial, no caso de superar os 30 créditos matriculados de 1º podería matricularse dos outros 30 ECTS, ou coller créditos de 2º curso, en todo caso debe matricularse das materias nas que estivo matriculado anteriormente.

Non será obrigatorio matricularse de materias optativas, xa que o alumno ten a opción de cambiar a optatividade dun curso para outro.

### **6.2. Impedimentos de matrícula**

Son impedimentos de matrícula os seguintes:

- Ter esgotadas as convocatorias nalgunha das materias non optativas.
- Cando se teñan esgotadas as 4 convocatorias en grao ou 2 en máster, non se poderán continuar estudos na USC, podendo non obstante solicitar unha convocatoria adicional, ou a renuncia dunha materia consumida por non estar en vigor a Normativa de Permanencia no momento de iniciar estudos na USC.
- Non superar unha materias no primeiro curso, ou 30 créditos nos dous ou tres primeiros cursos, segundo o caso.

Os impedimentos de matrícula abranguen a totalidade das materias, non só das que teñan esgotadas as convocatorias.

### **6.3. Matrícula no último curso**

O apartado 2 do artigo 6 das Normas de Permanencia establece que en ningún caso se poderá formalizar matrícula no último curso con

materias pendentes do primeiro, agás situacións excepcionais debidamente autorizadas.

Este límite aplicarase na matrícula do curso 2012-13, pero poderase autorizar a matrícula ao alumnado afectado que o solicite indicando a situación excepcional a ter en conta. A solicitude deberán formalizala de xeito presencial nas Unidades de Xestión Académica.

Entenderase como situación excepcional o caso dos estudantes que como consecuencia da adaptación ao grao, teñan pendentes para rematar unha materia de 1º curso e o resto do último curso, se así o solicitan.

Para o alumnado que solicitou o intercambio con anterioridade á entrada en vigor da Normativa de Permanencia e que teñan unha materia pendente de 1º curso e as demais sexan do último curso, autorizaráselle a matrícula e permitiráselle realizar o intercambio.

O alumnado que teña solicitado o intercambio para o curso 2012-13 e teña materias pendentes de formación básica de 1º ou 2º que non teñan equivalente no plan de estudos da universidade de destino, poderá realizar o intercambio e matricularse no curso 2013-14 destas materias na USC, sen o límite establecido no apartado 6.2 das Normas de Permanencia.

#### **Sétimo.- Alumnos de intercambio:**

No compromiso de estudos só poderán figurar tantas materias suspensas como cursos nos que estivo matriculado. Se está en terceiro poderá levar dúas materias suspensas de calquera dos cursos precedentes.

Os estudantes de intercambio só poden matricularse das materias que figuren no compromiso de estudos, coa excepción do TFG/TFM e as prácticas que poderán levalas no intercambio ou matricularse na USC.

Se o intercambio é de duración cuadrimestral poderá matricularse ademais das materias do segundo cuadrimestre. En todo caso o límite total da matrícula serán 75 ECTS.

### **Oitavo.- Traballos Fin de Grao**

O apartado 6.3 das normas de permanencia contempla excepcións á obrigatoriedade de ter superados 150 créditos e o primeiro curso completo para a realización do TFG. Estas excepcións son as que xa se están aplicando en función do réxime de adaptación das licenciaturas ao graos, xa que, como consecuencia da indicada adaptación, as materias de plans vellos dos últimos cursos pasaron nalgúns casos a incluírse nos primeiros cursos dos graos.

Santiago de Compostela, a 30 de xullo de 2012



Secretaria Xeral

M<sup>a</sup>. Lourdes Noya Ferreira